



**PERSOA/EMPRESA INSTALADORA**

Nome ou razón social:  NIF/CIF:

**REPRESENTANTE**

Nome:  DNI/NIE:

**MEDIOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Enderezo postal:

Tfno:  Email:

**TIPOLOXÍA DAS INSTALACIÓNS**

Escenarios ( \_\_\_ )  Tribunas ( \_\_\_ )  Carpas ( \_\_\_ )  Stands ( \_\_\_ )  Casetas ( \_\_\_ )

Outras (indicar tipo e número) \_\_\_\_\_

Marcar o cadro  que corresponda indicando a cantidade de estruturas entre a paréntese ( \_\_\_ ).

**LOCALIZACIÓN E DATAS DE MONTAXE/DESMONTAXE**

Evento (\*):

Lugar:

Data de montaxe:  Data de desmontaxe:

**RESPONSABLE DA SUPERVISIÓN DA MONTAXE**

Nome:  NIF/CIF:

Titulación (\*\*):

**A PERSOA DECLARANTE MANIFESTA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE QUE:**

1º. As ditas estruturas cumpren a normativa que lles é de aplicación en canto a homologacións, montaxe dos seus compoñentes, labores de mantemento e instalación. A construción, unha vez montada, cumprirá a normativa, ambiental, de seguridade (contra incendios, evacuación, sinalización/iluminación, solidez, etc.), accesibilidade e cantas outras normas lle resulten de aplicación.

2º. A persoa responsable para realizar e/ou supervisar a montaxe/desmontaxe da instalación posúe os coñecementos técnicos necesarios e, se é o caso, titulación esixible (\*\*), e dispón dun seguro que cobre os riscos de responsabilidade civil no que poida incurrir como consecuencia da súa actividade.

3º. Son certos os datos declarados e os documentos que se xuntan, que dispón da documentación que o acredita, a cal poñerá a disposición da Admón. cando así lle sexa requirido, e comprométese a manter o cumprimento das obrigas anteriores durante o tempo de uso das estruturas.

Lugo, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 \_\_\_\_\_

A PERSOA DECLARANTE

## **OBXECTO:**

Para os efectos desta declaración responsable, entenderanse incluídas nela aquelas estruturas necesarias nun evento de carácter temporal, normalmente desenvolto no exterior (festivais, feiras, festas, probas deportivas, etc.). Inclúense aquí as carpas, escenarios, tribunas, etc., e que poden ser de dous tipos:

- As que polos seus elementos que a compoñen son reutilizables e cuxa construción *in situ* se basean na ensamblaxe de compoñentes prefabricados, e que unha vez finalizado o seu uso poden desfacerse recuperando os seus elementos.
- Aquelas construídas *ad hoc* para o evento e que, por regra xeral, necesitan proxecto de construción/montaxe.

## **DOCUMENTACIÓN:**

Xunto con este impreso debidamente cuberto, achegarase a seguinte documentación:

A). Con carácter xeral:

① **Acreditación** da personalidade da persoa/entidade instaladora (fotocopia de DNI/NIE no caso das persoas físicas e acta de constitución societaria no caso das xurídicas) ou, se é o caso, da persoa representante e documento que acredita a representación.

① **Seguro de responsabilidade civil** (copia de póliza + recibo) ou, se é o caso, certificado da entidade aseguradora.

② Para todas aquelas instalacións que utilizan ou xeren enerxía eléctrica.

- **Certificado da instalación eléctrica** (copia), debidamente dilixenciado ante a Consellería de Industria.

- **Declaración de conformidade CE** ou documento acreditativo de mercado CE, no caso de máquinas compactas que non requiran certificado de instalación eléctrica.

③ **Plan de autoprotección**, no caso de recintos desmontables cuxa cabida supere as 2.500 persoas e naquelas instalacións que por normativa sectorial lles sexa esixible.

B). Cando se trate de estruturas que soporten público (bancadas, tribunas, plataformas e asimilables), ademais da anterior documentación, deberá achegarse copia do Certificado de Montaxe, emitido por persoa técnica competente responsable da supervisión dos traballos de instalación, antes do uso efectivo por parte do público.

C). Cando se trate de estruturas que, servindo para unha utilización pública, cuxa construción se realice *ad hoc*, ademais da anterior documentación, presentará **proxecto** destas, emitido por persoa técnica competente.

D). A Administración municipal poderá requirir motivadamente aqueloutros documentos que considere necesarios para acreditar as condicións de seguridade, salubridade, tranquilidade e calquera outra materia legalmente esixible, así como que esta documentación veña subscrita por persoal técnico competente ou entidade legalmente habilitada.

## **PRAZO:**

Con carácter xeral a documentación anterior deberase achegar cunha antelación mínima de **quince (15) días** á data de comezo de uso da instalación, coa excepción das copias dos Certificados da Instalación Eléctrica e o Certificado de Montaxe, que poderán achegarse antes do funcionamento da instalación (e cuxo orixinal deberá estar en posesión da persoa titular da mesma).

(\*) O evento (festa, verbena, proba deportiva, etc.) no que se van usar as estruturas ten que terse tramitado independentemente polos seus promotores anteriormente ou conxuntamente á presentación desta declaración.

(\*\*) Cando se trate de estruturas tipo bancadas, tribunas e, en xeral, todas aquelas portantes para uso de público, a persoa encargada de supervisar os labores de montaxe deberá contar coa titulación esixible segundo o caso. En traballos eléctricos a persoa deberá posuír o Certificado de Cualificación Individual en B.T.

◆ A presentación en prazo desta declaración responsable coa documentación esixida permitiralles ás persoas interesadas a instalación e posterior uso da estrutura se, dende a súa presentación, non se efectuou oposición ou reparo por parte do Concello. Cando a documentación achegada non estea completa ou non sexa conforme aos requisitos esixidos, non producirá efecto ningún a comunicación realizada, imposibilitando o uso da estrutura.

◆ A presentación desta declaración responsable, co conseguinte efecto de habilitación a partir dese momento, non prexulgará en modo ningún á situación e efectivo acomodo das condicións da instalación á normativa aplicable, nin limitará o exercicio das potestades administrativas de comprobación, inspección, sanción e, en xeral, do control que a esta Administración lle estean atribuídas polo ordenamento xurídico aplicable ao caso. Unha vez comprobada a documentación, o Concello poderá impoñer medidas complementarias para o axeitado uso das estruturas.

◆ A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a esta declaración responsable, determinará a imposibilidade do uso da estrutura, sen prexuízo das responsabilidades administrativas, civís ou penais ás que procedese.

## **INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Para os efectos previstos no *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos* e conforme á *Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais*, proporciónaselle a seguinte información en relación co tratamento dos seus datos.

### **RESPONSABLE DO TRATAMENTO:**

A información facilitada no formulario é titularidade do Concello de Lugo, domiciliado na praza Maior, número 1, 27001, Lugo. Para calquera información adicional, pode realizar calquera consulta a través dos seguintes medios:

- Teléfono: 982 297 100
- Correo electrónico: [010@concellodelugo.org](mailto:010@concellodelugo.org)
- Contacto DPD: [dpd.lugo@seguridadinformacion.com](mailto:dpd.lugo@seguridadinformacion.com)

### **FINALIDADE:**

Tramitación da declaración responsable presentada por persoas titulares ou instaladores de estruturas auxiliares, tales como carpas, tribunas, escenarios, plataformas, casetas, e demais instalacións desmontables necesarias para a celebración de feiras, festivais, festas de carácter tradicional e todos aqueles eventos de carácter temporal (normalmente desenvolto en espazos exteriores), e que se regulan, entre outras normas, pola *Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia*, modificada pola *Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia*.

### **LEXITIMACIÓN:**

O tratamento dos datos de carácter persoal achegados queda lexitimado por unha obriga legal, de conformidade co artigo 8 da *Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais*, e atopa o seu fundamento na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

### **DESTINATARIOS:**

Os datos comunicaránelles ás unidades administrativas municipais competentes en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas. Non está prevista a comunicación de datos a terceiros alleos ao Concello nin a transferencia internacional destes.

### **DEREITOS:**

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se, no Concello de Lugo, se está tratando datos persoais que lles atinxan ou non.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, se é o caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento dos fins para os que foron recollidos e no cumprimento da lexislación vixente.

En determinados casos, as persoas interesadas poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos. Nese caso, unicamente, se conservarán para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, as persoas interesadas poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Concello de Lugo deixará de tratar os datos, agás por motivos lexitimos imperiosos ou no exercicio ou defensa de posibles reclamacións. A persoa interesada ten dereito a recibir os datos persoais que lle facilitou ao Concello de Lugo nun formato estruturado, de uso común e lectura automatizada. Este último dereito limitarase polas seguintes excepcións:

- a) Que os datos sobre os que recae este dereito fosen facilitados pola persoa interesada.
- b) Que os datos sexan tratados polo Concello de Lugo de forma automatizada.

Así mesmo, ten dereito a retirar o consentimento outorgado, en cuxo caso será efectivo dende o momento no que o solicite, sen ter efectos retroactivos, así como o dereito a reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).